



BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	109.905
TOTAL ASISTENCIA	685		
TOTAL ADXUDICADOS	646		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	61	50
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	74	93
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	109	148

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	233	189
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	255	193
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	304	234

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	417	324
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	420	431

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	162.201
TOTAL ASISTENCIA	264		
TOTAL ADXUDICADOS	253		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.396
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	972
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	515
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	255

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	73.238
TOTAL ASISTENCIA	110		
TOTAL ADXUDICADOS	92		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,80	*
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,20	2,71
RAZA RUBIA GALEGA	2,31	2,32

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		Lixeira alza sen despexarse claramente o mercado: As posicións de inicio da Mesa do Cebo foron esta semana encontradas; así, mentras a industria propoñía unha repetición, a produción mantíña que as cotizacións deberían subir, saldándose ao final cun céntimo de suba (sete no caso dos castrados e cinco o desvelle, motivado pola alta demanda en ambos casos). Cómpre seguir destacando neste ano as máximas estacionais chegarán con retardo, e, forzosamente (salvo situacións excepcionais de mercado), estas deberían seguir unha senda expansiva ao longo do presente mes.
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,600	+0,01	Análise de mercado: Tendo en conta os "4P", a situación é favorable; Pesos: voltan á baixa, cuns niveis claramente inferiores aos de hai un ano (alta actividade nos matadoiros e as altas temperaturas regulan a oferta); Prezos Europeos: sorprendentemente as cotizacións no norte de Europa son moi superiores ás peninsulares, nunha época do ano na que tenden estar claramente por baixo (con previsións á alza); o terceiro e cuarto P (negativos), son os que se refiren aos insumos; os pensos parecen estabilizarse (nuns altos niveis), mentras os carburantes experimentaron unha merma considerábel (-18%), favorecendo xunto co incremento das cotizacións no norte de Europa, a exportación de canais.
SELECTO	1,355	+0,01	
NORMAL	1,330	+0,01	
CASTRADO	1,600	+0,07	
CANAL II	1,727	+0,013	
DESVELLE	0,81/0,87	+0,05	

BACORIÑOS

BASE 20 KGS.	EUROS			Quinta repetición nas cotizacións dos bacoriños, un mercado que non arrinca: A quinta estabilidade nas cotizacións dos bacoriños pode ser un reflexo dun mercado que non tira; máxime tendo en conta que esta situación ven precedida de seis semanas sen cotización. Análise de mercado: A situación é análoga ao das últimas semanas, e o mercado aínda que repuntou un tanto hai semanas, segue parado (en comparación a outros anos), manténdose todas as variábeis limitantes do mercado das últimas semanas; 1º As cotizacións son moi inferiores aos custos de produción, polo que o negocio exclusivo do bacoriño segue sendo ruinoso; 2º O errático comportamento das cotizacións do cebo nas últimas semanas (na península), xunto cos problemas financeiros dos cebadoiros, e do incremento da produción propia, desincentiva a demanda no mercado libre de leitóns; 3º A oferta é abundosa; 4º Os mercados Europeos de referencia tímidamente comezan a colocar xénero noutros países do Leste (Polonia principalmente). De momento, son as exportacións (sobre todo a Italia), as que regulan dalgún xeito un mercado cuxa demanda interior non tira.
	KG.	UNIDADE	DIF.	
SELECTO	1,35	27,00	0,00	
NORMAL	1,30	26,00	0,00	

OVOS

CLASE	EUROS				Firmeza no mercado do ovo: O mercado do ovo mantense estabilizado e as cotizacións mantéñense por sexta semana consecutiva despois da reactivación dada no mes de xuño. Mercado claramente equilibrado, aínda que na presente semana as existencias foron á alza, pero sen perigo a curto prazo dunha caída das cotizacións; en canto aos mercados Europeos, mentras Alemaña e Holanda repuntan lixeiramente, Francia recorta as cotizacións, aínda que de xeito tamén lixeiro. Encárase pois con certo optimismo o último trimestre do ano que é cando se acadan estacionalmente as máximas anuais do ovo.
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,52	0,00	1,52	0,00	
L	1,20	0,00	1,20	0,00	
M	1,08	0,00	1,08	0,00	
S	0,85	0,00	0,85	0,00	

GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS		Decimo cuarta semana con estabilidade nas cotizacións das galiñas, manténdose as previsións de estabilidade para as vindeiras semanas: A firmeza no mercado das galiñas segue sendo a tónica xeral en todos os mercados Estatais (a estabilidade nas cotizacións repitese dende a última semana de abril). O mercado está equilibrado (baixa oferta estrutural ao baixar o censo das galiñas nos últimos anos). As cotizacións son un 42% superiores ás de hai un ano.
	KG.	DIF.	
SEMPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,25/0,37	0,00	

COELLO

GRANXA EN VIVO	EUROS		Situación moi delicada: O mercado do coello non arrinca; tras as fortes baixas producidas en xullo (-35 céntimos; -22,73%) que marcaron un hito (negativo) nas cotizacións do coello, estas permanecen por terceira semana, nestes valores mínimos; e xunto a estes valores, tendo en conta o incremento ao longo do último ano dos custos de produción fan que a situación sexa insostible. Porén, os matadoiros manifestan que se atopan cunha ampla oferta nun contexto claro de escaseza de consumo, non permitindo que as cotizacións repunten.
	KG.	DIF.	
NOVO	1,19	0,00	